

|  |  |  |
|--|--|--|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DO MAR<br>Dirección Xeral de Ordenación e<br>Xestión dos Recursos Mariños | Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro<br>15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA<br>Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25 |  <b>XACOBEO 2010</b><br>Galicia |
|--|--|--|

## FICHA RESUMO

|                            |                     |                         |
|----------------------------|---------------------|-------------------------|
| <b>Ano</b>                 | 2010                | <b>PE403A 2009/78-1</b> |
| <b>Entidade</b>            | CONFRARIA DE AGUIÑO |                         |
| <b>Plan explotación(1)</b> | PERCEBE             |                         |
| <b>Réxime (2)</b>          | RECURSO ESPECÍFICO  |                         |
| <b>Modalidade (3)</b>      | PÉ E EMBARCACIÓN    |                         |

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Especies</b>                | Percebe   |
| <b>Ámbito do plan</b>          | Dende punta Castro ata a desembocadura do río Sieira, illas e illotes |
| <b>Subzonas de explotación</b> | Zona norte (Falcoeiro a río Sieira); Zona sur (Sálvora )              |

| Participantes no plan de explotación         |              |               |
|--|--------------|---------------|
| <b>Número de permex/personas autorizadas</b> |              |               |
| Mariscadoras/es a pé                         | Embarcacións | Habilitacións |
| 2  | 100          | 214           |
| <b>Ampliación do número de permex (4)</b>    |              | <b>Non</b>    |
| Mariscadoras/es a pé                         | Embarcacións | Habilitacións |
| -  | -            | -             |

| Calendario de explotación   |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
|---|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|---|
| <b>Días máximos de extracción</b>                                 |     | 208 |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
| <b>Época y zona probable de extracción (5) . Sistema rotativo</b> |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
| <b>Modalidade(3): dende embarcación</b>                           |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
| xan   | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |   |
| X   | X   | X   | X     | X    | X    | X     | X      | X      | X     | X      | X   | X |
| <b>Época y zona probable de extracción (5)</b>                    |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
| <b>Modalidade(3): a pé</b>  |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
| xan   | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |   |
| X   | X   | X   | X     | X    | X    | X     | X      | X      | X     | X      | X   | X |

| Topes de captura |                                  |                        |  |
|------------------|----------------------------------|------------------------|--|
| <b>Especies</b>  | <b>A pé<br/>(mariscador/día)</b> | <b>Embarcación/día</b> | <b>Habilitación enrolado e a bordo/día</b> |
| Percebe          | 5 kg                             | -                      | 5 kg                                       |

|                         |       |
|-------------------------|-------|
| <b>Artes a empregar</b> | Raspa |
|-------------------------|-------|

|                          |   |
|--------------------------|---|
| <b>Puntos de control</b> | Zonas de traballo e punto de descarga (peirao de Aguiño ) |
| <b>Puntos de venda</b>   | Lonxa de Aguiño (vendeduría da confraría )                |

| Accións a realizar (7)                 | Épocas probables (8) |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|--|----------------------|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
|  | X                    | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Rexeneración zonas improditivas</b> |                      |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:                                 |                      |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| <b>Extracción semente para resembr</b> |                      |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:                                 |                      |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies:                              |                      |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|  | X                    | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |



|                          |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|--------------------------|---|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|--|
| <b>Sementeiras</b>       |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Especies:                |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Traslados</b>         |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Especies:                |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Rareos</b>            | X | X | X | X | X | X | X  | X | X | X | X | X |  |
| Zonas: NORTE E SUR       |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Especies: PERCEBE        |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Limpezas e arados</b> |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Outros</b>            |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |

**Outras consideracións (9)**

**Ambito:** A Orde do 6 de marzo de 2000 no seu artigo 12º.3 no referente aos ámbitos dos plans de explotación: “O ámbito destes plans de explotación será o da zona de produción comprendida dentro do ámbito territorial da entidade interesada.(...)”.

A zona de traballo solicitada correspóndese co ámbito territorial da confraría (de punta Castro ata río Sieira) e illas e illotes próximos, que se subdivide en 2 zonas:

- Zona norte: dende punta Falcoeiro ata río Sieira, incluíndo os illotes adxacentes: As Basoñas
- Zona sur: Sálvora: illas de Sálvora, Sagres, Vionta, Noro, Gaboteira, Herbosa e illotes que a rodean. Esta zona está incluída dentro dos límites do P.N. Illas Atlánticas.

**Participantes:** Presentan un listado da 100 embarcacións con percebe Z3 asociadas á confraría de Aguiño, asignándolles un total de 213 cotas, cando segundo os datos da Consellería o número total de cotas autorizadas é de 214. ....

**Calendario:** O estudo da evolución da produción deste recurso nos últimos anos, desaconsella acceder ao incremento proposto do número de días máximos de extracción respecto do plan en vigor, polo que se mantén en 208 días ao ano.

**Cotas máximas de captura:** a cota máxima de captura **net**a será de 5 kg/habilitación/día.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior



**Accións de mellora:** Valóranse positivamente as actividades previstas de rareos, limpeza... así como a participación dos percebeiros nas vixilancias, pero deben especificar as épocas probables nas que se desenvolverán estes traballos e a súa organización.

**Horario:** Neste plan recóllese que o horario de traballo será dende 1 hora antes a 1 hora despois da baixamar diúrna, ata as 17'00 h. Tendo en conta que este horario é máis restritivo que o recollido na Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, non existe inconveniente na súa aplicación.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe, no que respecta ao incumprimento das prescricións contidas nos plans de explotación.

**Deberán achegar** a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.
- Documentación acreditativa da aprobación do plan pola asemblea da agrupación.
- Sistema de funcionamento dos puntos de control.

**Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas (25 de novembro de 2009):**

A administración do Parque Nacional informa favorablemente a aprobación deste, coas seguintes condicións relativas ao ámbito territorial do Parque:

- Non debe aumentarse o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2009: nin número de embarcacións, nin número de habilitacións a percebeiros, nin número de días ao ano, nin aumento de cotas. E por iso que se informa desfavorablemente o aumento do esforzo pesqueiro solicitado, no ámbito territorial do Parque xa que o número de días ao ano proposto para 2010 son 260, en lugar de 208 no plan aprobado para o ano 2009.
- Considérase necesario un punto de control para as extraccións no parque e que proporcione á dirección do parque os datos de captura no arquipiélago de Sálvora.